

ACORDOS
SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
DO DIA 22 DE OUTUBRO DE 2015

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 12.40 horas, do día vinte e dous de outubro de dous mil quince, reúnese a Xunta de Goberno Local deste concello en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Antonio Pereiro Liñares

Concelleiros:

D^a Inés Santos Pereiro

D. Amadeo Cancela Fariña

D. José Manuel Cancela Cancela

Secretario acctal:

D. Alfonso García Ferreira

ORDE DO DIA

1. LECTURA E APROBACION DA ACTA ANTERIOR.-
2. ESCRITOS OFICIAIS.-
3. SOLICITUDE DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE SOLICITADA POR DONA M.C.C.-
4. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA PROMOCIÓN DA IGUALDADE, COFINANCIADAS POLO FONDO SOCIAL EUROPEO.-
5. SOLICITUDE DE OVIGA, S.L. DA DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA DEPOSITADA PARA A REALIZACIÓN DA OBRA PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA.-
6. APROBACION DE FACTURAS.-
7. ESCRITO DE ROFAYA, S.L.-
8. ESCRITO DA DIRECCIÓN DO COLEXIO PECALAMA, SOLICITANDO A COLABORACIÓN DO CONCELLO NAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.-
9. COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS.-
10. ROGOS E PREGUNTAS.-

1. LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.-

Acordos adoptados:

1. Aprobación das actas das sesións anteriores.

2. ESCRITOS OFICIAIS.-

- a) Do Consello de Contas de Galicia, polo que se comunica a recepción da Canta Xeral do Concello de Tordoia correspondente ao exercicio de 2014.

- b) Da Dirección Xeral de Ordenación e Produción Forestal, polo que se remite informe sectorial sobre os datos relativos aos incendios forestais entre os anos 1997 e 2009, coa finalidade de unilo á documentación do Plan Xeral de Ordenación Municipal.
- c) Da Deputación Provincial de A Coruña, polo que se remite circular sobre a aprobación das bases reguladoras do Plan de Acción Social PAS 2015 e circular sobre a aprobación das bases do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal para o 2016.

A Xunta de Goberno dase por enterada.

3. SOLICITUDE DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE SOLICITADA POR DONA M.C.C.-

Acordos adoptados:

- 1. Informar favorablemente a petición e que se lle emita a tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez, conforme a normativa vixente.

4. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA PROMOCIÓN DA IGUALDADE, COFINANCIADAS POLO FONDO SOCIAL EUROPEO.-

Acordos adoptados:

- 1. Realizar a solicitude de participación, aceptando íntegramente as bases nos propios termos da súa redacción.

5. SOLICITUDE DE OVIGA, S.L. DA DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA DEPOSITADA PARA A REALIZACIÓN DA OBRA PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA.-

Acordos adoptados:

- 1. Pasar a solicitude aos servizos económicos para que proceda a súa devolución de acordo co establecido na Lei.

6. APROBACION DE FACTURAS.-

NOMBRE TERCERO	LÍQUIDO	FACTURA
REMOLQUES GONZALEZ S.L.	1.426,59 €	F/2015/1581
REMOLQUES GONZALEZ S.L.	4.855,13 €	F/2015/1582
TOTAL	6.281,72 €	

7. ESCRITO DE ROFAYA, S.L.-

Acordos adoptados:

- 1. Solicitar que pola Secretaría se emita o certificado solicitado.

8. ESCRITO DA DIRECCIÓN DO COLEXIO PECALAMA, SOLICITANDO A COLABORACIÓN DO CONCELLO NAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.-

Acordos adoptados:

1. Aprobar a colaboración co colexio nas mesmas condicións que anos anteriores.

9. COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS.-

- a) F. P., para reposición do material de cuberta (fibrocemento e tella curva) na cuberta dunha vivencia unifamiliar existente en Liste - Numide, o cal canta con informe técnico favorable e liquidacións provisionais dos impostos e taxas municipais.

Acordos adoptados:

Autorizar dita obra.

- b) J.M.S.C., para construción de peche parcial na finca sita no Castro de Viladoabade, o cal canta con informe técnico e informe do servizo de Patrimonio cultural.

Acordos adoptados:

Autorizar dita obra tendo que adaptarse as observacións propostas no informe técnico municipal do día 21.10.2015.

10. ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formulan.

Non habendo máis asuntos de que tratar, pola Presidencia levántase a sesión.